Boletín Oficial
Provincia de Ourense

N.º 122 · Luns, 30 maio 2022 *Dep. legal:* OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria e bases reguladoras do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2022..... 2

Extracto da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2022..... 43

Decreto da Presidencia polo que se inclúe a Rubén Álvarez Cid- Tandub como posible beneficiario das subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais 2022..... 43

IV. ENTIDADES LOCAIS

Amoeiro

Bases xerais que regularán a convocatoria do proceso selectivo por concurso correspondente ás prazas de estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022..... 44

Beade

Oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal..... 50

Merca (A)

Exposición pública dos padróns cobratorios do imposto de bens inmobles de natureza urbana e rústica 2022 e prazo de cobranza en período voluntario..... 51

Monterrei

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2/2022..... 51

Ourense

Decreto da Alcaldía de delegación temporal das funcións da Área de Economía e Facenda..... 52

San Amaro

Exposición pública da conta xeral correspondente ao exercicio 2021..... 53

San Cibrao das Viñas

Acordo do Pleno polo que se aproba o establecemento de prezos públicos para financiar unha excursión a Santiago de Compostela..... 53

Toén

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dun/dunha vendedor/a de entradas para as piscinas municipais..... 54

Vilar de Santos

Convocatoria e bases reguladoras para a concesión de subvencións para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Vilar de Santos (Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Núcleo Rural de Vilar de Santos) [2ª fase]..... 55

Vilardevós

Oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal..... 67

Mancomunidade de Municipios Terra de Celanova

Oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal..... 67

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria y bases reguladoras del concurso público para la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para la organización de actividades culturales y recreativas correspondientes al ejercicio 2022..... 22

Extracto de la convocatoria del concurso público para la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para la organización de actividades culturales y recreativas correspondientes al ejercicio 2022..... 43

Decreto de la Presidencia por el que se incluye a Rubén Álvarez Cid- Tandub como posible beneficiario de las subvenciones para el fomento de actividades escénicas y musicales 2022..... 43

IV. ENTIDADES LOCALES

Amoeiro

Bases generales que regularán la convocatoria del proceso selectivo por concurso correspondiente a las plazas de estabilización de empleo temporal incluidas en la oferta de empleo público extraordinaria de 2022..... 47

Beade

Oferta de empleo público para la estabilización de empleo temporal..... 50

Merca (A)

Exposición pública de los padrones cobratorios del impuesto de bienes inmuebles de naturaleza urbana y rústica 2022 y plazo de cobranza en período voluntario..... 51

Monterrei

Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos núm. 2/2022..... 52

Ourense

Decreto de la Alcaldía de delegación temporal de las funciones del Área de Economía y Hacienda..... 52

San Amaro

Exposición pública de la cuenta general correspondiente al ejercicio 2021..... 53

San Cibrao das Viñas

Acuerdo del Pleno por el que se aprueba el establecimiento de precios públicos para financiar una excursión a Santiago de Compostela..... 54

Toén

Convocatoria y bases de selección para la contratación laboral temporal de un/a vendedor/a de entradas para las piscinas municipales..... 55

Vilar de Santos

Convocatoria y bases reguladoras para la concesión de subvenciones para el Área de Regeneración y Renovación Urbana del Núcleo de Vilar de Santos (Área de Rehabilitación Integral (ARI) del Núcleo Rural de Vilar de Santos) [2ª fase]..... 60

Vilardevós

Oferta de empleo público para la estabilización de empleo temporal..... 67

Mancomunidad de Municipios Terra de Celanova

Oferta de empleo público para la estabilización del empleo temporal..... 68

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Para os efectos oportunos, publícase que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense adoptou, na súa sesión ordinaria do día 18 de maio de 2022, o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2022, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto:

No estado actual, e sendo conscientes do momento crítico polo que está a pasar o sector cultural como consecuencia da pandemia ocasionada pola COVID-19, e a crise producida a nivel social, requírese, por un lado, a adopción polas administracións públicas de medidas e accións que permitan apoiar o sustento do referido sector cultural na nosa provincia, a través da convocatoria de diferentes liñas de subvencións como as previstas nestas bases, e por outro lado, condicionar a concesión das axudas previstas ao estrito cumprimento polos promotores das actividades subvencionadas de toda a normativa sanitaria e de prevención da propagación e contaxio por SARS-CoV-2, que sexa aplicable, tanto a nivel estatal, como autonómico, como municipal, e vixente en cada momento.

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para o financiamento de proxectos de actividades culturais e/ou recreativas promovidos por entidades sen ánimo de lucro da provincia de Ourense e que se realicen durante o ano 2022, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva.

2. Para os efectos desta convocatoria, consideraranse actividades culturais as seguintes:

a) Actividades que teñan por obxecto o estudo, difusión, exaltación ou posta en valor do patrimonio cultural material ou inmaterial da sociedade ourensá. Para estes efectos, considéranse incluídas no patrimonio inmaterial as festas e celebracións de carácter marcadamente tradicional ou senlleiro.

b) Actividades que teñan por obxecto o fomento das diversas manifestacións culturais da sociedade ourensá.

Consideraranse subvencionables as actividades consistentes na edición, publicación ou impresión de libros, publicacións seriadas ou obras audiovisuais en calquera soporte.

Consideraranse actividades recreativas aquelas actividades lúdicas ou de lecer de carácter público e gratuíto promovidas por entidades sen ánimo de lucro, e dirixidas ao conxunto da poboación ou ben a colectivos precisados de especial atención desde as administracións públicas.

3. Sen prexuízo do anterior, exclúense do obxecto desta convocatoria, e por conseguinte non poderán obter subvención ao seu abeiro, as seguintes actividades:

- As actividades culturais e recreativas que, malia reunir os requisitos definidos no apartado 2, teñan un orzamento inferior a 1.500 euros.

- A realización de actuacións escénicas ou musicais, incluídos os festivais ou certames relativos a este tipo de artes. A razón desta exclusión obedece a que estas actividades poderán ser obxecto de subvención a través das convocatorias anuais realizadas por esta Deputación Provincial para o fomento das actividades escénicas e musicais, no marco do Plan Tarazana.

Para estes efectos, nos supostos nos que as actividades recreativas ou culturais, cuxa subvención se solicite ao abeiro desta convocatoria, inclúan actuacións escénicas ou musicais, os solicitantes deberán excluír as ditas actividades do proxecto, podendo solicitar a correspondente subvención para as ditas actuacións a través da convocatoria correspondente para fomento de actividades escénicas e musicais.

- A realización de excursións ou viaxes culturais ou recreativas.

4. As entidades sen ánimo de lucro poderán presentar ata un máximo de dous proxectos ao abeiro desta convocatoria, sempre que teñan por obxecto a realización de actividades culturais ou recreativas conforme coa definición contida no apartado anterior.

Neste senso, excluiranse da valoración aquelas solicitudes que se fraccionen en máis dunha actividade dentro do mesmo proxecto, é dicir, cada solicitude de subvención (cun máximo de dous) corresponderase cunha única actuación para realizar. En caso contrario, a Comisión de Valoración excluirá, de xeito automático, as ditas solicitudes.

Segunda. Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria as entidades sen ánimo de lucro con domicilio na provincia de Ourense.

Terceira. Dispoñibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33420/48900 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 100.000,00 euros.

Cuarta. Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo total de cada proxecto.

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 10.000 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos, cuxa valoración, conforme co establecido na base 9ª, determinase a obtención dunha contía global superior ao límite máximo de 10.000 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 10.000 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

Quinta. Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación https://sede.depourense.es/

Quinta 2. Prazo de presentación:

O prazo improrrogable de presentación iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 30 de xuño de 2022, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a

participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

a.2) Estatutos sociais da entidade.

a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

a.4) Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os documentos indicados nos apartados a.2), a.3) e a.4) cando estes documentos xa constasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

a.5) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

a.6) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

a.7) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado a.7) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web e ademais no BOP, no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.

a.8) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o NIF da entidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación obrigatoria para a valoración das solicitudes:

Presentarase un proxecto descritivo de cada actividade para realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria descritiva da actividade, incluíndo os seguintes apartados (anexo V):

a.1) Descrición das actividades que a integran.

a.2) Obxectivos que se pretenden acadar coa organización da actividade.

a.3) Prazo ou data de execución.

b) Orzamento individualizado da actividade, detallado en ingresos e gastos.

Se é o caso, as entidades poderán presentar tamén unha memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do programa ou actividade. No caso de presentarse, esta documentación servirá para a valoración do factor de interese social da actividade previsto na base 10ª.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoselles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

Cada peticionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I para cada proxecto diferenciado de actividades culturais para o que se solicite subvención, acompañada da correspondente documentación valorable conforme co establecido no apartado anterior. No que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

Quinta 4. Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes baséase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa do Progreso, núm. 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) Co delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa do Progreso, núm. 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600 e correo electrónico: DPD@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial https://sede.depourense.es as actas da Comisión de Valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben por solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que conste no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os sos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que administración pública concedinte (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para a acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o expediente contraditorio previo con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima. Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento da actividade ou programa obxecto desta convocatoria.

A este respecto, e en relación cos gastos en manutención, advírtese que, de conformidade co disposto nas bases de execución do orzamento do ano 2022, se establece unha porcentaxe máxima do 20 % na xustificación; non obstante, esta regra non será de aplicación naquelas actividades culturais ou recreativas que teñan como obxecto principal a exaltación, difusión ou posta en valor de tradicións ou produtos típicos de carácter gastronómico, tales como magostos ou festas gastronómicas en xeral, ou festas tradicionais que teñan entre os elementos esenciais do seu obxecto a realización de actividades de tipo gastronómico, como é o caso do Entroido.

En todo caso, nos supostos de bebidas alcohólicas de alta gradación, non se consideran gastos subvencionables, en ningún caso, a excepción dos gastos en cervexa e viño (considerados

como alimentos) sempre que o importe total non supere o 15 % do importe xustificado.

En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

a) Gastos de mantemento de locais.

b) Gastos de persoal, salvo que consistan nun contrato específico para a realización do proxecto obxecto de subvención.

c) Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras.

d) Gastos de adquisición de bens inventariables.

e) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.

f) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.

g) Xuros debedores de contas bancarias.

Oitava. Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Logo de examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VI destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (http://sede.depourense.es) e na páxina web http://sede.depourense.es, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2022.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándoselle unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Logo de transcorrer o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, e procederase a formularse proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (https://sede.depourense.es) e na páxina web http://www.depourense.es, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2022.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva e continuarse coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

Novena. Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: a deputada delegada en materia de Cultura.
- Vogais:
- O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
- A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
- A xefa da Sección de Subvencións.

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Negociado de Concursos, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Se é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia cultural, que actuarán como asesores da comisión.

Décima. Criterios para a concesión de subvencións:

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Interese social da actividade cultural ou recreativa en función do seu contido e obxectivos, do orzamento da actividade e de calquera outro indicador obxectivo que permita valorar a súa incidencia de cara ao fomento da creación cultural, a conservación ou posta en valor do patrimonio material ou inmaterial ou a creación dunha oferta pública relevante de actividades de lecer, así como o seu especial interese polo seu carácter senlleiro e especial calidade, dimensión ou proxección internacional, o seu recoñecemento oficial como actividade de interese turístico ou cultural e calquera outra circunstancia análoga.

Este criterio valorarase ata un máximo de 30 puntos.

b) Esforzo de autofinanciamento realizado polo solicitante, determinado pola existencia de fonte de autofinanciamento ou financiamento privado da actividade.

- Máis do 50% de autofinanciamento: 15 puntos.
- Máis do 25% de autofinanciamento: 8 puntos.
- Máis do 15% de autofinanciamento: 5 puntos.
- Máis do 7,5% de autofinanciamento: 3 puntos.
- Máis do 5% de autofinanciamento: 2 puntos.
- Menos do 5% de autofinanciamento: 1 punto.
- Sen autofinanciamento: 0 puntos.

2. O criterio sinalado no apartado b), conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicarase mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O criterio sinalado no apartado a) responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, co fin de poder valorar elementos cualitativos das

actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais e recreativas.

3. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polas solicitudes.

A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior á contía solicitada ou ao importe total do seu orzamento de gasto, e con respecto aos límites establecidos na base 4ª.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións naqueles supostos nos que a aplicación da fórmula establecida no apartado anterior sobre o total de solicitudes teña como consecuencia o outorgamento de subvencións de moi escasa contía.

Nestes casos, para a aplicación da fórmula establecida no apartado 3, só se terán en conta as solicitudes cuxa puntuación iguale ou supere o limiar mínimo de puntuación establecido pola comisión.

Os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluiranse na lista de reserva prevista na base 10ª.

5. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e proporá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

Décimo primeira. Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días dende a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida.

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen proxectos de actividades que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Décimo segunda. Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (http://sede.depourense.es) e na páxina web http://www.depourense.es, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2022, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira. Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada.

No caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Décimo cuarta. Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificarase mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos (Anexo VII).

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión (anexo VIII).

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade (anexo IX).

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

• Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo X destas bases.

• Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Facturas xustificativas dos gastos, ata un importe equivalente ao da subvención concedida.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, admitirase como documento acreditativo do gasto, un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, se é o caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.

Excluiranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa conste en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

En todos os casos e de conformidade co artigo 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na LCSP para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servicio ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención".

En consecuencia, deberán achegar a correspondente documentación que acredite o cumprimento deste extremo.

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o anexo XI e achegar a documentación que proceda.

2. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

3. Para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención e presentar ademais xustificantes de gastos (facturas ou equivalentes) polo importe da subvención concedida.

No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

4. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención.

5. A xustificación dos gastos incluirá a acreditación fidedigna do pagamento destes.

6. A Deputación poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de inspección, auditoría e control financeiro, das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

7. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica da Deputación Provincial e na páxina web http://www.depourense.es, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2022.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándoselle unicamente e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na antedita páxina web.

8. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declararase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

9. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

10. A Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

11. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación, con data límite, o 30 de novembro de 2022. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base quinta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base), así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

12. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100 % do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

a) Aval de entidade de crédito

b) Seguro de caución

c) Fianza en metálico

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

13. Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a solicitude previa do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

Contra el presente acuerdo se podrá interponer recurso contencioso-administrativo, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, con sede en A Coruña, en el plazo de dos meses contados a partir del día siguiente de la publicación de este anuncio.

San Cibrao das Viñas, a la fecha de la firma electrónica.

El alcalde. Fdo.: Manuel Pedro Fernández Moreiras.

R. 1.230

Toén

Unha vez aprobadas as bases de selección para cubrir un posto de traballo de persoal laboral temporal, publícase o resumo da convocatoria para xeral coñecemento e chamamento ao proceso selectivo (Exp. 347/2022, subvención empregabilidade Deputación).

Número e denominación do posto: 1 vendedor/a de entradas das piscinas municipais.

Modalidade de contratación: contrato laboral de duración determinada por circunstancias da produción a tempo completo.

Duración do contrato: 2,5 meses

Sistema de selección: concurso de méritos.

Bases da convocatoria: poderanse obter nas oficinas municipais e no apartado de emprego público da sede electrónica municipal (https://concellodetoen.sedelectronica.es)

Prazo e lugar de presentación de solicitudes: 5 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no rexistro electrónico do Concello de Toén, dispoñible na sede electrónica https://concellodetoen.sedelectronica.es, na oficina de asistencia en materia de rexistros situada na rúa Ribadela 1, 32930, Toén, en horario de 8.30 h a 14.30 h, ou por calquera outro medio previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Toén, na data de sinatura electrónica. O alcalde.

Documento asinado electronicamente.

Una vez aprobadas las bases de selección para cubrir un puesto de trabajo de personal laboral temporal, se publica el resumen de la convocatoria para general conocimiento y llamamiento al proceso selectivo (Exp. 347/2022, subvención empleabilidad Diputación).

Número y denominación del puesto: 1 taquillero/a para las piscinas municipales.

Modalidad de contratación: contrato laboral de duración determinada por circunstancias de la producción a tiempo completo.

Duración del contrato: 2,5 meses.

Sistema de selección: concurso de méritos.

Bases de la convocatoria: se podrán obtener en las oficinas municipales y en el apartado de empleo público de la sede electrónica municipal (https://concellodetoen.sedelectronica.es)

Plazo y lugar de presentación de solicitudes: 5 días hábiles, contados desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el registro electrónico del Ayuntamiento de Toén, disponible en la sede electrónica:

https://concellodetoen.sedelectronica.es , en la oficina de asistencia en materia de registros situada en la calle Ribadela 1, 32930, Toén, en horario de 8.30 h a 14.30 h, o por cualquier otro medio previsto en artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre.

Toén, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde.

Documento firmado electrónicamente.

R. 1.206

Vilar de Santos

Por acordo da Alcaldía, con data 20-05-2022, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria para a concesión de subvencións para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Vilar de Santos (área de rehabilitación integral (ARI) do núcleo rural de Vilar de Santos) (2ª Fase).

Bases e convocatoria para a concesión de subvencións para a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Vilar de Santos (Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Núcleo Rural de Vilar de Santos) [2ª fase]:

Base 1. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto regular a concesión de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Núcleo de Vilar de Santos (Área de Rehabilitación Integral (ARI) do núcleo rural de Vilar de Santos) no marco do Acordo do Comisión bilateral realizada o 27 de outubro de 2015, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Contorno do Núcleo de Vilar de Santos (Ourense). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, anualidade 2015, 2ª fase".

Base 2. Ámbito territorial

As actuacións que poden optar as subvencións serán as que se executen dentro do ámbito territorial delimitado da Área de Rehabilitación Integral (ARI) do Núcleo Rural de Vilar de Santos, declarada por acordo do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con data 21 de xuño do 2011.

Base 3. Carácter das axudas e compatibilidade

1. As axudas económicas previstas nesta convocatoria terán o carácter de subvención a fondo perdido, serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta e poderán acollerse a elas calquera das actuacións sinaladas na base 4.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo 28.3 do Real decreto 233/2013, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta.

Base 4. Tipos de actuación

1. Segundo o previsto no artigo 26 do Real decreto 233/2013 serán subvencionables a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente. Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, así coma os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos estean debidamente xustificados.

2. Con carácter xeral e conforme co disposto no artigo 5 do Decreto 18/2014, serán subvencionables:

a) Obras de adecuación estrutural e de seguridade.

b) Obras de conservación dos edificios.

c) Obras de mellora da calidade e sustentabilidade.

d) Obras de adecuación das vivendas e o seus accesos á normativa vixente de accesibilidade.

Base 5. Criterios de selección

A valoración de cada solicitude levarase a cabo pola Oficina de Rehabilitación e farase de acordo cos seguintes criterios, tendente a acadar o maior interese de rehabilitación, e ordenados por orde decrecente de importancia:

1. Prioridade segundo o nivel de ingresos:

Terán prioridade os solicitantes con menores ingresos segundo a determinación e acreditación dos ingresos da unidade de convivencia ponderados en función do número de compoñentes e tamén, de ser o caso, das discapacidades destes (todo isto virá acompañado por informe dos servizos sociais do Concello de Vilar de Santos, conforme cos artigos 3 e 4 do Decreto 18/2014 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas)

- Ingresos unidade de convivencia ata 2,5 veces o IPREM: 4 puntos.
- Ingresos unidade de convivencia ata 3,5 veces o IPREM: 3 puntos.
- Ingresos unidade de convivencia ata 5,5 veces o IPREM: 2 puntos.
- Ingresos unidade de convivencia ata 6,5 veces o IPREM: 1 punto.

2. Prioridades segundo o tipo de actuación:

Terán preferencia aquelas actuacións de rehabilitación integral ou cun orzamento de execución material que destine maior porcentaxe a actuacións no exterior da vivenda (cubertas, retellados, fachadas, carpinterías exteriores, canlóns e baixantes de pluviais ou similares) ou a rehabilitación, restauración ou reposición de elementos especiais e de interese arquitectónico (como galerías, solainas, balcóns, corredoiras, ferraxes e traballos de forxa, cristaleiras e chumbados, traballos de cantería)

- Rehabilitacións integrais ou actuacións cun orzamento de execución material que destine máis dun 80% a este tipo de actuacións: 4 puntos.
- Actuacións cun orzamento de execución material que destine máis dun 60 % a este tipo de actuacións: 2 puntos.
- Actuacións cun orzamento de execución material que destine máis dun 40 % a este tipo de actuacións: 1 punto.

3. Prioridade segundo o destino da vivenda:

- Destinadas a vivenda habitual: 4 puntos
- Destinadas a alugueiro: 2 puntos

4. Prioridade segundo a antigüidade das edificacións:

Terán preferencia as edificacións con maior antigüidade e coa ponderación do seu estado de conservación.

- Edificacións de 50 ou máis anos: 2 puntos
- Edificacións de menos de 50 anos: 1 punto

5. Resolución en caso de empate a puntos:

Terán preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo. No caso de solicitudes que completaran a documentación ao mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presentasen antes no Rexistro Municipal.

Base 6. Condición dos inmobles

1. Os inmobles e os usos para os que se soliciten axudas deberán ser conformes co Plan xeral de ordenación municipal de Vilar de Santos e co resto de determinacións da normativa en vigor.

2. Os edificios de tipoloxía residencial colectiva deben contar co correspondente informe de avaliación co contido que se establece no anexo II do RD 233/2013, cuberto e subscrito por técnico competente.

3. Os edificios deberán ter polo menos o 60 % da súa edificabilidade sobre rasante destinada a uso residencial de vivenda habitual.

4. Non serán protexibles as intervencións en inmobles que carezan de seguranza estrutural, construtiva ou de subministración/mantemento de instalacións eléctrica, saneamento e abastecemento. Serán protexibles cando as obras garantan a consecución de condicións axeitadas de seguridade da estrutura, construción e instalacións e de eficiencia enerxética de acordo cos estándares esixibles pola normativa aplicable.

5. Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ao inmoble por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

Non se subvencionarán obras rematadas con anterioridade á resolución provisional da concesión da subvención.

Base 7. Beneficiarios

1.- Poderán ser beneficiarios das axudas quen asuma a responsabilidade da execución integral do ámbito de actuación, xa sexan as propias administracións públicas, os propietarios únicos de edificios de vivendas, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada un.

Non poderá obter financiación quen se beneficiasen, dentro do ámbito de actuación, das axudas do programa de rehabilitación edificatoria.

2. Cando os beneficiarios sexan persoas físicas deberán posuír a nacionalidade española, ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso dos estranxeiros non comunitarios, deberán ter residencia legal en España.

Cando sexan persoas xurídicas, deberán acreditar ou declarar expresamente na súa solicitude que se atopan debidamente constituídas, segundo a normativa que lles sexa de aplicación. En caso de entidades que carezan de personalidade xurídica propia, deberá facerse constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención aplicable por cada un deles.

3. Tamén poderá ser beneficiario o Concello nas subvencións concedidas para o financiamento do custo dos equipos de información e xestión, para a urbanización e reurbanización, así coma para as correspondentes ás vivendas que sexan da súa propiedade.

4. Son obrigas dos beneficiarios:

- Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se establecen as axudas.
- Comunicarlle ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Cubrir os datos necesarios para a tramitación ministerial da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.
- As demais obrigas recollidas nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2013, do 17 de decembro, xeral de subvencións e da Lei 9/2007, do 13 de xuño

Base 8. Consignación orzamentaria e contía das axudas

1. O importe das axudas imputarase ás anualidades 2015 a 2016 segundo o establecido no acordo da Comisión bilateral realizada o 27 de outubro de 2015, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Contorno do Núcleo de Vilar de Santos (Ourense). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, anualidade 2015, quedando condicionada a concesión de axudas á existencia de créditos axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión, de acordo coa seguinte previsión.

Fase Mº de fomento

2ª 115.441,33 €

2. A contía máxima das subvencións será do 35 % do orzamento protexible cunha contía máxima de 11.000 € por vivenda.

Base 9. Orzamento protexible.

1. Constitúe o orzamento protexido da actuación o costo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 26.3 do Real decreto 233/2013, que non poderán superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan.

2. O custo subvencionable da actuación será o custo total da actuación, incluíndo o custo de execución material, honorarios profesionais, beneficio industrial, custos notariais e de rexistro e gastos xerais e de xestión, excluíndo impostos, taxas e tributos; segundo o anexo I do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.

Base 10. Requisitos xerais

1. Para os efectos de obter as axudas previstas será necesario previamente a xustificación polos interesados de non atoparse nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) ou no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento e de non ter sido suxeito de revogación polo órgano competente dalgunha comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla dalgunha das axudas contempladas neste ou en anteriores plans estatais de vivenda por causa imputables ao solicitante. Tal xustificación poderá realizarse mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa e, no seu defecto, mediante declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario público.

2. As obras contarán co perceptivo título habilitante de natureza urbanística [comunicación previa ou licenza de obras,

segundo o caso] no que se faga constar a descrición de todas as obras que se van executar.

3. As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns dos edificios deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

4. Os edificios deberán ter polo menos o 60 % da súa edificabilidade sobre rasante destinada a uso residencial de vivenda habitual.

5. A edificación ou vivenda, unha vez finalizadas as actuacións, debe ter uso residencial permanente, para uso propio ou alugueiro.

Base 11. Prazos e normas xerais de procedemento

1. A instrución do procedemento corresponderá á Oficina Municipal de Rehabilitación da ARI, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución. O instrutor (Oficina Municipal de Rehabilitación da ARI) emitirá informe no que se acredite, que á vista da información dispoñible, os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

2. As propostas de outorgamento de subvencións serán realizadas por unha comisión avaliadora, que estará integrada por:

- O alcalde do Concello, que presidirá a comisión.
- A scretaria-interventora do Concello.
- O técnico de servizos sociais do Concello.
- A directora da Oficina de Rehabilitación, que actuará como relatora da comisión.

3. A Alcaldía á vista do expediente, formulará a proposta de cualificación provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados,

4. Unha vez executadas as obras obxecto de subvención e acreditado pola Oficina Municipal de Rehabilitación o cumprimento das condicións establecidas, formularase a proposta de cualificación definitiva.

5. As propostas de cualificación provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se notificase a resolución da concesión.

6. Prazos:

a. Para a presentación da solicitude: o prazo comezará ao día seguinte da publicación do anuncio de aprobación destas bases e da correspondente convocatoria no BOP, e durará quince días hábiles dende o día seguinte da publicación.

Poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido cando, por causa xustificada, non se puidesen presentar no prazo indicado. Estas peticións tramitaranse de acordo coas presentes bases, agás no que se refire ao cumprimento do prazo e estarán supeditadas á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

b. Xustificación da actuación: as obras estarán rematadas no prazo máximo establecido no acordo de cualificación provisional das axudas, dentro da anualidade correspondente, tendo en todo caso como prazo límite o 26 de setembro do 2022. Data na que deberá estar todo o gasto xustificado.

7. A resolución do procedemento notificarase aos interesados nos termos previstos na Lei 39/2015, (LPACAP).

Base 12. Solicitudes e normas particulares de procedemento.

1. As solicitudes de axuda presentaranse en instancia normalizada no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 Lei 39/2015, (LPACAP).

2. A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases da presente convocatoria, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do concello).

3. As deficiencias na solicitude e as omisións nos documentos preceptivos deberán emendarse, tras o requirimento previo, no prazo de dez días dende a notificación, na que se indicará que se non se fixese así, de acordo coa Lei 39/2015, (LPACAP), terase por desistido da súa petición, logo da resolución pertinente.

4. Os peticionarios poderán solicitar a asistencia técnica ou encargar pola súa conta este servizo. As solicitudes de asistencia técnica que se acepten pola Oficina Municipal de Rehabilitación de Vilar de Santos serán só para os casos de obras menores.

5. O diagrama de actuacións será o seguinte:

1. Solicitude de axudas e entrega da documentación da base 13.

2. Solicitude de visita de inspección técnica.

3. Presentación do proxecto ou memoria técnica (situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial reportaxe fotográfica das obras que se van realizar, orzamento, superficie útil, prazo obras), por parte do solicitante, ou no seu caso, elaboración desta pola Oficina Municipal de Rehabilitación de Vilar de Santos.

4. Informe técnico da Oficina Municipal de Rehabilitación de conformidade, por parte do solicitante, coas obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas.

5. Conformidade coa documentación e co orzamento presentados.

6. Informe da Oficina Municipal de Rehabilitación conforme con que o solicitante cumpre con todos os requisitos para obter ás axudas e ditame da Comisión Avaliadora.

7. Proposta de cualificación provisional pola Alcaldía identificando beneficiarios, tipo de actuación, orzamento protexido, prazo de execución, subvención máxima que se concederá.

8. Envío da documentación recadada ao IGVS, acompañada da certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, para que este proceda á concesión da cualificación provisional das axudas.

9.Unha vez concedida a cualificación provisional das actuacións, e sempre que estivese concedida a licenza e presentada a documentación necesaria, proxecto de execución en caso de obra maior, o interesado poderá iniciar as obras.

10.Unha vez rematadas as obras en conformidade co proxecto aprobado tramitarase a proposta de cualificación definitiva pola Alcaldía identificando beneficiarios, tipo de actuación, orzamento xustificado, proposta de subvención final.

11. Envío da documentación de final de obra ao IGVS, acompañada da certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2013-2016, para que este proceda á concesión da cualificación definitiva.

12. Cobro das axudas, unha vez que se produza o pagamento do IGVS ao Concello.

13. Remisión ao IGVS polo Concello dos xustificantes dos pagamentos.

Base 13. Solicitude oficial de axuda e documentación.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1)Documentación relativa ao solicitante:

- Fotocopia do DNI do solicitante e, de ser o caso, do seu representante formalmente nomeado.
- Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Facenda de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (poderá presentarse declaración responsable, pero non se poderá proceder ao

pagamento da subvención mentres non se presenten os certificados).

- Declaración responsable de non estar incurso nos supostos de prohibición de obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro de subvencións do Estado.

- Declaración responsable de non estar incurso nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable de non ter sido suxeito de revogación polo órgano competente dalgunha comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla dalgunha das axudas contempladas neste ou en anteriores plans estatais de vivenda por causa imputables ao solicitante.

- Declaración responsable de cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables, de acordo co previsto no artigo 14.1.d) da LXS.

- No suposto de comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios, presentarase ademais:

a) Documento acreditativo da súa constitución.

b) Documento acreditativo da representación con que se actúa

c) Xustificación da titularidade do edificio (Inscrición no Rexistro da Propiedade)

d) Acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude de subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

e) Relación de persoas propietarias do edificio, identificando NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local.

f) Certificación de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) A que resulte necesaria de acordo co previsto no artigo 6 do RD 233/2013 e os demais datos informativos que esixe o ministerio no Protocolo de información normalizado.

2) A documentación acreditativa dos ingresos da unidade de convivencia:

A documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar será obrigatoria para a tramitación de todas as axudas reguladas nesta ordenanza, salvo que as vivendas sexan destinadas a alugueiro.

-Documentación acreditativa de ingresos. Certificado de rendas, expedido pola AEAT, ou documentación que o substitúa,

-Documentación acreditativa da composición familiar: Libro de familia, certificados do Rexistro Civil ou calquera outra documentación que acredite a composición familiar.

-Certificación expedida por administración pública competente do grao de discapacidade, de ser o caso.

- Certificados doutra documentación acreditativa de circunstancias que se valoren para o cálculo dos ingresos da unidade de convivencia.

3)Documentación acreditativa da titularidade do inmoble.

- Nos supostos de propiedade ou dereito real sobre o inmoble: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición da herdanza, testamento e/ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmoble.

- Nos casos de cotitularidade do inmoble, a autorización para realizar as obras e solicitar as axudas asinada por todos os cotitulares.

4) Documentación relativa á antigüidade e ao uso da vivenda:

- Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar certificado de empadroamento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.

- Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar, deberá achegar co compromiso escrito de destinar a súa residencia familiar habitual e permanente ou de terceiras persoas dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.

- Acreditación da antigüidade da vivenda.

5) Documentación relativa ás obras para realizar:

- Título habilitante de natureza urbanística [solicitude de licenza de obras ou comunicación previa, segundo o caso] coa descrición das obras que se pretendan executar.

- Declaración responsable de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por estas bases, o importe da axuda solicitada ou obtida, así como administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

- Os edificios de tipoloxía residencial colectiva deben presentar o correspondente informe de avaliación co contido que se establece no anexo II do RD233/2013, cuberto e subscrito por técnico competente.

- Documento técnico redactado por técnico competente coa denominación de proxecto básico e execución ou memoria técnica que recolla a definición das obras para subvencionar de xeito suficiente (entre outros situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial, reportaxe fotográfica das obras que se van realizar, orzamento, superficie útil, prazo de execución de obras) para que os servizos técnicos municipais poidan emitir unha proposta favorable sobre estas por axustarse á normativa urbanística de aplicación e ás normas reguladoras da presente subvención.

- Declaración responsable obrigándose a presentar, no caso da obtención da proposta de cualificación provisional, a solicitude de licenza de obras, o proxecto técnico, e no seu caso, as autorizacións sectoriais necesarias para a súa obtención.

- Solicitude de inspección técnica previa.

Base 14. Inspección técnica previa

1. O peticionario poderá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionables. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar ao peticionario sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmoble.

2. Unha vez realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras que se van realizar, o particular poderá solicitarlle á Oficina de Rehabilitación, mediante impreso oficial normalizado, a prestación dos servicios de redacción da documentación técnica precisa para a obtención de licenza menor de obras.

Base 15. Aprobación inicial das axudas

1. Unha vez achegadas a solicitude e a documentación complementaria que corresponda, e logo dos informes oportunos, a

Alcaldía, tras a proposta da Comisión Avaliadora, resolverá sobre a proposta de cualificación provisional de axuda que será remitida ao IGVS para que proceda á concesión da cualificación provisional das axudas. Esta aprobación inicial terá condición de acto de trámite necesario para a obtención das axudas.

2. Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial e obtida a cualificación provisional das actuacións, emitida por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) , o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina Municipal de Rehabilitación de Vilar de Santos; o cal deberá permanecer ata o cobro total das axudas solicitadas.

Base 16. Solicitude de licenza urbanística

Os solicitantes, no caso de non telo feito antes, deberán presentar a solicitude de licenza urbanística nun prazo máximo dun mes dende a notificación do acordo de cualificación provisional.

Base 17. Contratación e inicio das obras

1. Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportunos.

2. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de quince días hábiles a partir da notificación da proposta de cualificación provisional e dende o outorgamento da preceptiva licenza. O devandito prazo poderá prorrogarse polo mesmo prazo, logo de solicitude xustificada. Unha vez transcorrido este período sen que comezasen as obras, arquivarase o expediente logo de trámite de audiencia ao interesado.

3. O solicitante promotor das obras comunicaralle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do orzamento execución definitivo (asinado por ambas as partes), de forma que poida quedar constancia deses datos.

4. Non obstante, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000 €, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas, seleccionándose de acordo con criterios de eficiencia e economía aquela que resulte economicamente máis vantaxosa. Noutro caso, xustificarase expresamente a escolla en memoria elaborada para o efecto (artigo 31 da LXS).

Base 18. Execución das obras

1. As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas (cualificación provisional), e deberá adecuarse ás anualidades previstas nos respectivos acordos subscritos no marco das comisións bilaterais.

2. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas (cualificación provisional), e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo Servizo de Rehabilitación, en todo caso, deberan estar amparadas pola correspondente licenza urbanística.

3. O Servizo de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Base 19. Remate das obras

1. Unha vez rematadas as obras, o beneficiario presentará a documentación redactada polo seu técnico director e as facturas correspondentes, co fin de que os servizos técnicos do Servizo de Rehabilitación poidan certificar e informar sobre a súa realización así como as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións. Entre outras faranse as seguintes comprobacións:

- Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
- Que para a súa execución se contan con todas as autorizacións necesarias.
- As facturas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións e que están pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional

En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas (cualificación definitiva).

2. Unha vez terminado o prazo de execución das obras de rehabilitación, a persoa promotora das actuacións disporá dun mes desde o certificado de final de obra, para comunicar a súa finalización. A falta desta comunicación dará lugar á denegación da cualificación definitiva por incumprimento das condicións da cualificación provisional.

Base 20. Xustificación das axudas

1. Unha vez finalizadas as obras, as persoas beneficiarias deberán comunicarlle ao Concello o remate destas mediante a presentación de modelo normalizado acompañado da documentación final de obra que consta nel:

• Declaración de que as obras se realizaron segundo a memoria/proxecto presentado.
• Fotografías a cor do edificio e das zonas que se rehabilitaron.
• Fotografías a cor da fachada do edificio coa inclusión do cartel exterior coa imaxe corporativa do Plan vivenda e do Ministerio de Fomento, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, segundo o modelo establecido.
• Facturas polo importe das obras (que deberán coincidir co detallado por unidade de obra do orzamento protexido) e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións, que deberán estar pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.
• Certificado de titularidade, en modelo normalizado, da conta bancaria que designe para o pago da subvención.
• Licenza de obra que deberá de axustarse ás actuacións executadas, así como ás que foron obxecto da cualificación provisional.
• Certificado final de obra asinado polo técnico competente no caso de execución de obras maiores.
• Licenza de primeira ocupación, se fose necesaria.

2. Os gastos realizados acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003 ademais de estar datadas no período subvencionable. En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio aos simples "xustificantes de recepción". Deberase achegar o orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para estampar a primeira, que será devolta, e compulsar a segunda. O estampado efectuarase cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención en concreto.

Base 21. Aprobación definitiva das axudas

1. A partir da elaboración do informe final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación inicial, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente á Alcaldía para que esta resolva sobre a aprobación definitiva das axudas (proposta de cualificación definitiva).

2. O certificado final de obra expedido pola Oficina de Rehabilitación e a aprobación do órgano competente do Concello serán remitidos, xunto cunha reportaxe fotográfica

completa, á Delegación provincial do IGVS para que resolva sobre a concesión da cualificación definitiva das axudas.

Base 22. Pagamento das axudas e comprobación

1. As axudas concedidas definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que o IGVS emita o documento de cualificación definitiva.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Xunta e Concello de Vilar de Santos) e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

3. O órgano concedinte comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade determinante da concesión da subvención.

Base 23. Publicidade das subvencións concedidas e obrigas

1. Publicaranse no Boletín Oficial da Provincia as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención, (artigo 18 da LXS). Ademais de publicarse un extracto da resolución pola que se ordena a publicación, indicarase tamén o lugar onde se atope exposto o seu contido íntegro.

As ditas publicacións substituirán, de ser o caso, ao trámite de notificación de acordo coa Lei 39/2015, (LPACAP).

2. O beneficiario da subvención ven obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

3. O beneficiario/a da subvención está obrigado a comunicar as circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

Base 24. Causas de denegación e perda das axudas

1. As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

1. Non reunir as condicións esixidas por estas bases, relativas aos solicitantes ou aos inmobles para rehabilitar.

2. A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin amparadas por licenza urbanística.

3. A grave incorrección técnica e construtiva, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.

4. A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade respecto do estado previo do inmoble.

5. Iniciar as obras sen dar conta ao Servizo de Rehabilitación.

6. Incumprir os prazos sinalados na cualificación provisional

7. O impedimento ou obstáculo do acceso ás obras aos técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do contratista.

8. Non manter colocado o cartel da obra facilitado pola Oficina de Rehabilitación.

9. A falta de comunicación do remate das obras no prazo máximo dun mes.

10. O incumprimento de calquera dos requisitos previstos no RD 233/2013

2. De apreciarse a existencia dalgún incumprimento non esencial dalgunha das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, pero que poida ter incidencia na contía concreta da subvención outorgada, procederá, se é o caso, o reintegro parcial desta, tendo en conta para o seu cálculo criterios de proporcionalidade e valorando, entre outras circunstancias, a actuación conxunta do beneficiario tendente á satisfacción dos seus compromisos e a posibilidade de acadar, malia o incumprimento, o logro efectivo da finalidade perseguida coa subvención.

Base 25. Modificación da resolución de concesión.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en especial, os criterios de preferencia obxecto de valoración, cando teña incidencia na subvención outorgada, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Base 26. Reintegro das subvencións.

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establece nos artigos 37 e ss. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2. En todo caso, aplicarase a normativa prevista para o reintegro no artigo 14 da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 9 de marzo do 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 (DOG nº 52, data 17/03/2015)

Base 27. Publicidade das bases:

A publicación das presentes bases realizarase no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

Base 28. Remisión normativa

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- Real decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 (BOE nº 86, data 10/04/2013)

- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 38, data 25/02/2014)

Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 9 de marzo do 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016 (DOG nº 52, data 17/03/2015)

Ordenanza reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Vilar de Santos

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

Demais normativa de pertinente aplicación.

Base 29. Disposición final

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP de Ourense e terán vixencia ata o 31 de decembro do 2022, data na que remata o Plan estatal 2013-2016, de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nestas bases.

Vilar de Santos. O alcalde.

Asdo.: Antonio Míguez Nogueiras.

Por acuerdo de la Alcaldía, de fecha 20/05/2022, se aprobaron las bases reguladoras de la convocatoria para concesión de subvenciones para el Área de regeneración y renovación urbana del núcleo de Vilar de Santos (Área de rehabilitación integral (ARI) del núcleo rural de Vilar de Santos) (2ª fase):

Bases y convocatoria para la concesión de subvenciones para el Área de regeneración y renovación urbana del núcleo de Vilar de Santos (Área de rehabilitación integral (ARI) del núcleo rural de Vilar de Santos) (2ª fase):

Base 1. Objeto.

La presente convocatoria tiene por objeto regular la concesión de subvenciones para la rehabilitación de edificios y viviendas en el Área de regeneración y renovación urbana del núcleo de Vilar de Santos (Área de rehabilitación integral (ARI) del núcleo rural de Vilar de Santos) según el "Acuerdo de la Comisión Bilateral, celebrada el 27 de octubre de 2015, relativo al Área de regeneración y renovación urbana del entorno del núcleo de Vilar de Santos (Ourense). Comunidad Autónoma de Galicia. Prórroga del Plan estatal de fomento del alquiler de viviendas, la rehabilitación edificatoria, y la regeneración y renovación urbanas 2013-2016, anualidad 2015, 2ª fase".

Base 2. Ámbito territorial.

Las actuaciones que pueden optar a las subvenciones serán las que se ejecuten dentro del ámbito territorial delimitado del Área de rehabilitación integral (ARI) del núcleo rural de Vilar de Santos, declarada por Acuerdo del consejero de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de fecha 21 de junio del 2011.

Base 3. Carácter de las ayudas y compatibilidad.

1.- Las ayudas económicas previstas en esta convocatoria tendrán el carácter de subvención a fondo perdido, serán otorgadas por el procedimiento de concurrencia competitiva con convocatoria abierta y podrán acogerse a ellas cualquiera de las actuaciones señaladas en la base 4.

2.- Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 28.3 del RD 233/2013, las subvenciones de este programa son compatibles con cualquier otra ayuda pública, siempre y cuando la suma de todas no supere el coste total de la actuación concreta.

Base 4. Tipos de actuación.

1.- Según lo previsto en el artículo 26 del RD 233/2013 serán subvencionables la ejecución de obras o trabajos de mantenimiento e intervención en edificios y viviendas, instalaciones fijas, equipamiento propio y elementos comunes, a fin de adecuarlos a la normativa vigente. Se podrán incluir los honorarios de los profesionales, el coste de redacción de proyectos, informes técnicos y certificados necesarios, así como los gastos derivados de la tramitación administrativa, siempre que todos estén debidamente justificados.

2.- Con carácter general y conforme a lo dispuesto en el artículo 5 del Decreto 18/2014, serán subvencionables:

a) Obras de adecuación estructural y de seguridad.

b) Obras de conservación de los edificios.

c) Obras de mejora de la calidad y sostenibilidad.

d) Obras de adecuación de las viviendas y sus accesos a la normativa vigente de accesibilidad.

Base 5. Criterios de selección.

La valoración de cada solicitud se llevará a cabo por la Oficina de Rehabilitación y se hará de acuerdo con los siguientes criterios, tendiente a conseguir el mayor interés de rehabilitación, y ordenados por orden decreciente de importancia:

1- Prioridad según el nivel de ingresos:

Tendrán prioridad los solicitantes con menores ingresos según la determinación y acreditación de los ingresos de la unidad de convivencia ponderados en función del número de componentes y también, de ser el caso, de las discapacidades de los mismos (todo ello vendrá acompañado por informe de los Servicios Sociales del Ayuntamiento de Vilar de Santos, conforme a los artículos 3 y 4 del Decreto 18/2014 de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras)

- Ingresos unidad de convivencia hasta 2,5 veces el IPREM: 4 puntos.

- Ingresos unidad de convivencia hasta 3,5 veces el IPREM: 3 puntos.

- Ingresos unidad de convivencia hasta 5,5 veces el IPREM: 2 puntos.

- Ingresos unidad de convivencia hasta 6,5 veces el IPREM: 1 punto.

2- Prioridades según el tipo de actuación:

Tendrán preferencia aquellas actuaciones de rehabilitación integral o con un presupuesto de ejecución material que destine mayor porcentaje a actuaciones en el exterior de la vivienda (cubiertas, retejados, fachadas, carpinterías exteriores, canalones y bajantes de pluviales o similares) o la rehabilitación, restauración o reposición de elementos especiales y de interés arquitectónico (como galerías, solanas, balcones, congostras, herrajes y trabajos de forja, cristaleras y chumbados, trabajos de cantería).

- Rehabilitaciones integrales o actuaciones con un presupuesto de ejecución material que destine más de un 80% a este tipo de actuaciones: 4 puntos.

- Actuaciones con un presupuesto de ejecución material que destine más de un 60% a este tipo de actuaciones: 2 puntos.

- Actuaciones con un presupuesto de ejecución material que destine más de un 40% a este tipo de actuaciones: 1 punto.

3- Prioridad según el destino de la vivienda:

- Destinadas a vivienda habitual: 4 puntos.

- Destinadas a alquiler: 2 puntos.

4 - Prioridad según antigüedad de las edificaciones:

Tendrán preferencia las edificaciones con mayor antigüedad y con la ponderación de su estado de conservación.

- Edificaciones de 50 o más años: 2 puntos.

- Edificaciones de menos de 50 años: 1 punto.

5.- Resolución en caso de empate a puntos:

Tendrán preferencia aquéllas que presenten la documentación completa exigible según las bases con más antelación en el tiempo. En el caso de solicitudes que hayan completado la documentación al mismo tiempo, tendrán preferencia las que temporalmente se presentaran antes en el Registro Municipal.

Base 6.- Condición de los inmuebles.

1.- Los inmuebles y los usos para los que se soliciten ayudas deberán ser conformes con el Plan general de ordenación municipal de Vilar de Santos y con el resto de determinaciones de la normativa en vigor.

2.- Los edificios de tipología residencial colectiva deben contar con el correspondiente informe de evaluación con el contenido que se establece en el anexo II del RD 233/2013, cumplimentado y suscrito por técnico competente.

3.- Los edificios deberán tener por lo menos el 60% de su edificabilidad sobre rasante destinada a uso residencial de vivienda habitual.

4.- No serán protegibles las intervenciones en inmuebles que carezcan de seguridad estructural, constructiva o de suministro/mantenimiento de instalaciones eléctricas, saneamiento y abastecimiento. Serán protegibles cuando las obras garanticen la consecución de condiciones idóneas de seguridad de la estructura, construcción e instalaciones y de eficiencia energética de acuerdo a los estándares exigibles por la normativa aplicable.

5.- No se subvencionarán obras o partidas de obras iniciadas con anterioridad a la realización de la primera visita técnica al inmueble por parte de los técnicos de la Oficina de Rehabilitación.

No se subvencionarán obras rematadas con anterioridad a la resolución provisional de la concesión de la subvención.

Base 7. Beneficiarios.

